



**Datas:** 8 xaneiro – 4 abril 2021

**Lugar:** Fundación Luis Seoane. Sala de exposicións da planta baixa

**Produción:** Fundación Luis Seoane

**Comisario:** Pablo García Martínez

**Modernidades diverxentes** é unha exposición que analiza a relación entre a obra de **Luis Seoane** e a prestixiosa revista **Ver y Estimar**, dirixida polo crítico de arte arxentino Jorge Romero Brest entre 1948 e 1955. O título da mostra fai referencia ao progresivo distanciamento entre dous vellos amigos e compañeiros de viaxe durante os anos anteriores, no antifascismo arxentino. Así, a inclinación da revista cara os postulados do expresionismo abstracto chegado da Escola de Nova York contrastaban coa resistencia de Seoane a desvencellarse dunha figuración que era máis propia dunha tradición humanista asociada a certas correntes da arte europea das que se consideraba herdeiro.

Comisariada polo investigador **Pablo García Martínez**, a exposición céntrase nunha parte da actividade de Seoane na Arxentina descoñecida ata agora en Galicia, como foi a súa relación de encontros e desencontros con esa versión da modernidade porteña que dinamizou Jorge Romero Brest a través da súa revista.

## A EXPOSICIÓN

O proxecto reúne unha serie de lenzos de Luis Seoane que foran mostrados ao público por vez primeira en exposicións analizadas nas páxinas de **Ver y Estimar**, aos que acompañan breves textos informativos que contextualizan aquel momento histórico. Ademais, no espazo expositivo reproducense a gran escala unha serie de fragmentos de escritos realizados por Seoane durante eses anos, nos que explica a súa postura acerca da súa propia produción, así como pasaxes tomados das críticas que lle adicou a revista.

A cultura impresa ocupa un lugar destacado na mostra a través dos exemplares de **Ver y Estimar** nos que apareceron críticas de exposicións e dos murais de Luis Seoane, entre os que destaca o número 6 da segunda época da revista, coa cuberta deseñada polo artista. A carón destes, inclúense materiais pertencentes aos fondos da Fundación Luis Seoane que dan conta do labor do creador galego durante as dúas primeiras décadas da súa estadía en Bos Aires: exemplares de revistas como Cabalgata, catálogos das súas exposicións, libros, debuxos e gravados.

## O CONTEXTO

Tras a finalización da Segunda Guerra Mundial, o papel de exiliados como Attilio Rossi ou Luis Seoane sería determinante para a construción dunha cultura impresa moderna na Arxentina. As revistas emerxeron entón como espazos de discusión e de transmisión de propostas estéticas renovadoras a través da incorporación do deseño gráfico e da ilustración por parte destes creadores, que acabarían desenvolvendo a totalidade ou unha parte importante do seu labor profesional na capital bonaerense.

Neste contexto, en 1948 ve a luz o primeiro número da revista **Ver y Estimar**, 'dirigida por Jorge Romero Brest con la ayuda de sus discípulos'. Ao longo dos seus corenta e catro números, a publicación funcionará como un laboratorio para a crítica artística, no que se lle prestará unha coidada atención á obra de Luis Seoane.

Porén, as posturas artísticas de ambos diverxen co paso dos anos. Dunha banda, a liña editorial da revista fundada polo crítico arxentino aposta pola abstracción xeométrica e o expresionismo abstracto como vía para a incorporación da arte arxentina aos debates que artellan as capitais da arte occidental despois da Segunda Guerra Mundial. Pola súa parte, Seoane vencella a súa obra co que él mesmo chamará 'razoamentos humanísticos' dunha corrente da arte de posguerra que reformula moitos dos postulados da arte figurativa que dominara a iconografía antifascista, tamén a do antifascismo porteño co que Seoane entrara en diálogo. Esa corrente

acadaría unha importante validación, neses mesmos anos, co recoñecemento acadado polo pavillón de México -encabezado por Diego Rivera, José Clemente Orozco e David Alfaro Siqueiros- na Bienal de Venecia de 1950.

**Modernidades diverxentes** recrea o diálogo que se estableceu entre a histórica revista e Luis Seoane, dando a coñecer os aspectos teóricos defendidos polo pintor galego a través dos seus escritos e afondando nun momento chave na evolución da súa obra plástica, do que a exposición reúne varios exemplos, como os deseños realizados para un dos seus proxectos editoriais máis célebres, Botella al Mar.

A exposición estará nas salas da Fundación Luis Seoane ata o vindeiro 4 de abril de 2021.

### **SOBRE O COMISARIO**

Pablo García Martínez (Arzúa, 1985) é doutor en Culturas Latinoamericanas, Ibéricas e Latinas pola Universidade da Cidade de Nova York (CUNY) e, na actualidade, exerce como investigador postdoutoral da Fundación Alexander von Humboldt, adscrito á Friderich-Alexander Universität de Erlangen (Alemaña). Publicou artigos científicos nas principais revistas de estudos hispánicos do espazo académico de fala inglesa (*Bulletin of Hispanic Studies*, *Journal of Spanish Cultural Studies* ou *Revista Hispánica Moderna*). No 2021 sairán do prelo unha compilación do teatro de Luis Seoane con edición, estudo introdutorio e notas da autoría de García Martínez (Sevilla: Editorial Renacimiento), así como o manuscrito *Un largo puente de papel. Cultura impresa y humanismo antifascista en el exilio de Luís Seoane (1936-1959)* (Madrid: Editorial CSIC). Ademais, García Martínez comisaria, xunto con Silvia Dolinko, a mostra *Materiales Seoane. En la encrucijada de lo moderno*, que se exporá, en 2021, no Museo Larreta de Bos Aires, organizada conxuntamente polo Goberno da Cidade Autónoma de Bos Aires e o Consello da Cultura Galega.

Para máis información e solicitude de imaxes:

Emma Fernández - Fundación Luis Seoane

[emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal](mailto:emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal)

Tel. 981 216 015